



Expediente	Sesión extraordinaria Consello Escolar Municipal 14.02.2017	REF. 1/2017
Trámite	Traslado acta da sesión extraordinaria	

LUGAR: Casa das Campás  
HORA DE COMEZO: 18.06 h  
DATA FIN: 20.05 h

#### ASISTENTES:

Dona María do Carme Fouces Díaz (Concelleira delegada de Educación, Igualdade e Servizos Sociais), presidenta  
Don Raimundo Naveira Zapata (representante da Xefatura territorial da CCEOU), vogal  
Don David Alvariño Pérez (representante de directores de ensino medio), vogal  
Dona María Montserrat Pose Edrera (representante directores colexios públicos do rural), vogal  
Don Francisco Javier Barros Sanmartín (representante directores centros concertados), vogal  
Dona María del Carmen Silva Ricoy (representante federación de pais de alumnos/as de ensino privado), vogal  
Don Rogelio Carballo Solla (Federación Provincial de ANPA), vogal  
Don Francisco Freire Vila (Federación Provincial de ANPA), vogal  
Don Jose María Camiña Chaves (Federación Provincial de ANPA), vogal  
Dona María Luisa Eiroá Franco (profesorado non universitario pública- STEG), vogal  
Dona Pilar Rodríguez Braga (profesorado non universitario pública- CIG Ensino), vogal  
Don Juan Carlos Pires Pereira (profesorado non universitario pública, FETE-UGT) vogal  
Don Ramón Ruiz Santamaría (profesorado non universitario privada, CIG Ensino) vogal  
Don Eduardo Prado Souto (profesorado non universitario privada, FSIE) vogal  
Don Miguel A. Jimeno Enrique (representación sindical, FETE-UGT) vogal  
Don Germán Piedras García (representación sindical, CIG Ensino) vogal  
Don José Martínez Castiñeira (representante AEMPE)  
Dona Laura Goldar Villar (representante movementos de renovación pedagóxica- ASPG)  
Dona Mónica Lustres Fernández (representante da Federación de AAVV de Pontevedra Castelao), vogal  
Don Ivan Puentes Rivera (concelleiro do PsdG-PSOE), invitado  
Dona Aurora Cañizares Malagón (concelleira do PP), invitada  
Dona Andrea Humanes Calvo (representante de Ciudadanos), invitada  
Dona M<sup>a</sup> Carmen González Novoa (representante de Marea Pontevedra), invitada  
Don Jose María Alén de la Torre (representante da Xefatura territorial da CCEOU), invitado  
Don Román Latas Calvo (representante da Xefatura territorial da CCEOU), invitado  
Dona Vanesa Estévez Baquero (Pedagoga do Servizo de Educación), secretaria accidental

Desculpa a súa asistencia Dona Isolina Couso Garrido (profesorado non universitario pública- CIG Ensino), vogal

#### ORDE DO DÍA

PRIMEIRO: Audiencia ao Consello Escolar Municipal da delimitación das áreas de influencia do concello de Pontevedra

SEGUNDO: Rolda de intervencións

TERCEIRO: Rogos e preguntas

#### DELIBERACIÓNS

Antes da orde do día, a Presidenta indica que dende a Xefatura territorial da CCEOU solicitaron a asistencia de tres técnicos, parte do grupo nomeado para a elaboración da proposta de delimitación



das áreas de influencia do concello de Pontevedra. So un deles, Raimundo Naveira Zapata, tería voto como representante da Xefatura territorial e as outras dúas persoas, Jose María Alén de la Torre e Román Latas Calvo, estarían como invitados. Sométese a consideración e non se atopa ningún problema en que asistan os tres.

## 1 Audiencia ao Consello Escolar Municipal da delimitación das áreas de influencia do concello de Pontevedra

A Presidenta da a palabra a Don Raimundo Naveira Zapata, que presenta aos seus compañeiros e a el mesmo. Don Raimundo fai unha unha breve contextualización da necesidade de actualizar a delimitación das áreas de influencia debido a que a actual ten moitos problemas asociados. Explica os criterios que tiveron en conta para a elaboración da proposta de delimitación e fai una reseña sobre o proceso de elaboración do proxecto.

Don Raimundo Naveira sinala que a resolución dun novo mapa non pode durar 10 anos, co que propón a incorporación da necesidade de revisión anual, engadindo un criterio de flexibilidade que non se tivo ata agora e cuxo foro debe ser o Consello escolar municipal.

## 2 Rolda de intervencións

A Presidenta abre un torno de intervencións.

Don Rogelio Carballo Solla, en representación da FANPA, indica que non ten a documentación da proposta co que dende a FANPA non pode aprobar algo que non estudaron.

Don Raimundo Naveira indica que ás ANPA se lles deu trámite a modo individual.

A secretaria do Consello sinala que a todos os membros do Consello Escolar municipal se enviou xunto coa orde do día, a proposta de zonificación remitida pola Xefatura territorial e un escrito do CEIP Manuel Vidal Portela, no que o Consello escolar do centro quería facer chegar aos membros do consello as súas alegacións.

Dona María Luisa Eiroá Franco pregunta sobre o equilibrio entre os distintos centros educativos e a porcentaxe de matrícula en función do traballo dos pais e se é posible facer modificacións á proposta. Don Raimundo Naveira contesta que a proposta de zonificación beneficia e equilibra o caso urbano e beneficia á periferia (Carballeira, Campañó,...) co que non se pon en perigo ningún centro. Sinala que a principios de curso se podería facer unha valoración a través de esta canle, pero que neste momento non se poderían facer modificacións porque se rompería o proceso establecido.

Don Ivan Puentes Rivera agradece a intervención e sinala que nos criterios está bastante de acordo pero bota en falta estudar graficamente o mapa. Solicita se hai un proxector na sala poder observar a documentación gráfica. Sinala que dende o PsdG teñen dúbidas sobre a adscrición de primaria a secundaria e sobre a repercusión e o equilibrio entre a escola pública e a privada, se a nova zonificación pode facer máis atractiva a inscrición na concertada.

Interven a Presidenta solicitando se indiquen os criterios polos que se zonificou os centros privados concertados e se a norma establece que os centros concertados teñan que ter a mesma zonificación que os públicos.

Don Jose María Alén de la Torre sinala que o Decreto e as Ordes que regulan o procedemento establecen que todas as familias teñen que ter garantido na súa zona de influencia un centro concertado e un centro público. Indica o agradecemento ao topógrafo do Concello que está a traballar sobre o mapa a incorporar en canto o documento se aprobe. Sinala que non se remitiu o mapa porque hai unha alegación dunha ANPA sobre o feito de que o mapa fora pintado a man polos técnicos e sobre o feito de que non se aprecian as liñas correctamente.

Don Raimundo sinala que o procedemento non escolarización non está feito nin para mellorar nin para prexudicar aos centros concertados e que se consensuou tamén con eles.

Don Francisco Javier Barros Sanmartín agradece que o documento sexa revisable porque é importante ver tendencias e non fotos fixas. Sinala que hai centros concertados que se van ver damnificados, como é o caso do Sagrado Corazón de Placeres, que é un centro periférico e teñen inxerencias sobre o que vai acontecer. Solicita que tamén se defendan os centros concertados





garantindo os postos de traballo dos centros mantidos con fondos públicos.

Don Raimundo sinala a importancia de entrar nun proceso dinámico de revisión anual e que quede recollido na acta do Consello escolar municipal para que acade o peso que se merece. Sinala que no tocante aos centros concertados se quere un equilibrio é que o procedemento de revisión é distinto, xa que mentres na concertada é cada catro anos, a revisión na pública é anual, e que hai que atender ao que establecen as ordes sobre darlle aos cidadáns esa dobre oferta.

Colocado o proxector, Don Román Latas explica as delimitacións de zonas no mapa. Sinala que se cortou por beirarrúas que son límites naturais e se buscou o menor número de cruces, intentando minimizar pasos de peóns.

Don Rogelio Carballo sinala que poderían coller os mapas da páxina da Xunta ou do Catastro e dende a Unidade técnica facer un mapa en condicións. Pregunta sobre dúas alegacións das ANPA que non tiveron resposta: unha alegación que sinalaba que unha das zonas que se incorporan a Parada- Campañó equivalen ai 40% do alumnado de Xunqueira I, e outra que establecía que varias rúas de Froebel pasaban a Doroteas.

Don Jose María Alén de la Torre responde que no tocante ao dato que establece os centro Xunqueira I pasarían a ter un ratio por aula de 15 alumnos/as, co que aínda que non se poden ter datos reais, se poderían garantir as unidades tanto do CEIP Parada-Campañó coma do CEIP A Xunqueira I.

Don Román Latas Calvo engade que non se contemplan os alumnos/as de concellos limítrofes e Xunqueira recibe alumnos/as de outros concellos.

Don Jose María Alén de la Torre sinala o compromiso da Xefatura Territorial de facer unha revisión anual, coa que o Consello escolar municipal ten que comprometerse e o Concello traelo ao Consello.

A Presidenta sinala o compromiso do Concello en que sexa así.

Don Francisco Javier Barros Sanmartín pregunta se vai a dar tempo a que entre en vigor este ano.

Don Raimundo Naveira responde que a súa postura é que si, que retrasalo sería lesivo,

Dona M<sup>a</sup> Carmen González Novoa sinala que dende Marea Pontevedra consideran que é unha boa proposta e é equilibrada. Sinala que este é un paso consultivo e que a aprobación e posterior. Pregunta se podería haber algunha modificación posterior. Don Jose María Alén de la Torre sinala que non porque a Xefatura Territorial está totalmente de acordo cos criterios dos técnicos.

Dona María Montserrat Pose Edrera sinala que da fe de que o procedemento foi tal e como o contaron e pregunta se se vai a convocar aos centros para explicarlles que alegacións se aceptaron e cales non e porque. Pregunta sobre o caso particular de Campañó e porque non se incluíu Altabón na súa zona.

Don Raimundo Naveira contesta que non hai problema e que se poden convocar como se fixo anteriormente.

Don Román Latas sinala que non se incluíu Altabón debido ao transporte, porque está máis preto do outro centro.

Don Germán Piedras García sinala a necesidade de mellorar as informacións directas con determinados colectivos como os sindicatos.

Don Raimundo Naveira indica que se toma en consideración o remitir a información directa tanto á FANPA como aos sindicatos.

Don Rogelio Carballo Solla sinala que os pais comparten os mesmos obxectivos explicados aquí, pero que o queren ver plasmado e comparar o mapa anterior co actual. Pide ao Consello escolar que se aplaxe a votación unha semana para poder estudalo. Pregunta cal é o mecanismo legal que garanta que o ano que ven se faga unha revisión.

Don Raimundo Naveira responde que estamos nun órgano consultivo con suficiente peso como para sexan consideradas as súas propostas.

A Presidenta solicita que se inicie co impulso que se poida dar dende o Consello pero que as alegacións sexan contestadas e exista un feedback.

Don Ivan Puentes Rivera indica que lle parece ben retrasar unha semana a votación para estudar a proposta. Don Jose M<sup>a</sup> Alén indica que materialmente non hai tempo porque o proceso de admisión comeza o 1 de marzo.



Don Germán Piedras García sinala que dende a CIG non se poden posicionar a favor porque non dispoñen das alegacións que se fixeron. Que se revise cada ano o valoran como boa intención pero teñen experiencia no cambio de postura.

Dona M<sup>a</sup> Carmen González Novoa sinala que se un colectivo tan importante como a FANPA non está de acordo, non ve problema en retrasar o acordo unha semana.

Don Raimundo Naveira responde que non están para poñer condicionantes, que están para escoitar ao Consello e que cada quen deberá asumir as súas responsabilidades e dará conta onde as teña que dar.

A Presidenta indica que se faga votación e senón se reconvoca automaticamente para o próximo luns ás 18 h. Vótase a posibilidade de adialo con tres votos a favor, co que non sae adiante a petición.

A Presidenta solicita a votación de implementación do novo mapa educativo co compromiso de revisión cada ano, Vótase co resultado de: votos a favor 10, votos en contra 3, abstencións 4.

A Presidenta indica que co compromiso firme de revisión anual se sinala a data do Consello escolar municipal para a revisión, quedando a mesma para o 26 de setembro ás 18 h.

### 3 Rogos e preguntas

Dona María Luisa Eiroá Franco pregunta porque non se convocou antes o Consello escolar municipal. A Presidenta indica que cando chegou o proxecto ao Concello, este estaba nunha situación moi inestable e non podía abordar novos temas nese momento.

### ACORDOS

1. Acórdase a implementación do novo mapa educativo co compromiso de revisión cada ano (votos a favor 10, votos en contra 3, abstencións 4)

2. Fixar a convocatoria do Consello escolar municipal de revisión da delimitación das áreas de influencia do Concello de Pontevedra para o 26 de setembro de 2017 ás 18 h .

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria accidental.





CONCELLO DE  
PONTEVEDRA

SERVIZO DE EDUCACIÓN  
VEB

Anexos:

1. Proposta de zonificación a empregar na admisión do alumnado nos centros educativos do concello de Pontevedra.
2. Escrito do CEIP Manuel Vidal Portela dirixido ao Consello Escolar Municipal.

